



# PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

III Lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión Constitutiva núm. 1

Celebrada o martes 16 de xaneiro de 1990

## ORDE DO DÍA

1. Comunicación por parte do Oficial Maior dos nomes dos integrantes da Mesa de Idade.
2. Constitución da Mesa de Idade.
3. Elección da Mesa do Parlamento.
4. Constitución da Mesa do Parlamento.

## SUMARIO

Ábrese a Sesión ás once e cinco minutos da mañá.

**-Comunicación por parte do Oficial maior dos nomes dos integrantes da Mesa de Idade ..... páx. 4**

O señor Oficial Maior do Parlamento Galego (Cólora Leirado) maniféstalle á Cámara que o Deputado de maior idade é D. Manuel Fraga Iribarne, e os máis novos Dña. Guadalupe Varela Coello e D. Xerardo Conde Roa, e rógalles que comparezan na Presidencia co fin de constituí-la Mesa de Idade. ( O señor Fraga Iribarne, a señora Varela Coello e o señor Conde Roa pasan a ocupar os seus postos na Presidencia).

**-Constitución da Mesa de Idade ..... páx. 4**

O señor Presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) declara aberta a Sesión, e rógalle ó señor Secretario que dea lectura ó Decreto de Convocatoria e á relación de Depurados electos con indicación dos recursos contencioso-electorais pendentes de resolución. A seguir, a señora Secretaria da Mesa de Idade (Varela Coello) dá lectura ó Decreto de Convocatoria e á relación de Depurados electos. Intervención do señor Presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) para dar conta á Cámara de que neste momento recibe o escrito do Presidente da Xunta Electoral Provincial de Ourense, no que lle comunica que foi designado Deputado electo pola devandita circunscrición, D. Francisco Rodríguez Fernández. Tamén manifesta que nese momento recibe a documentación do señor Deputado no que se refire á declaración de incompatibilidades, e en consecuencia invítalo a que pase á Sala. A continuación, a señora Secretaria da Mesa de Idade (Varela Coello) dá lectura ó escrito do Presidente do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, en relación cos recursos contencioso-electorais interpostos e á resolución dictada sobre o único recurso interposto contra acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense. Finalmente, o señor Presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) pronuncia unhas breves palabras de saúde para tódolos señores Depurados, e exhórtaos a continuar a tarefa dos seus predecesores e a profundizar na edificación da Autonomía e na defensa de Galicia.

**-Elección da Mesa do Parlamento ..... páx. 8**

Antes de pasar a esta elección, o señor Beiras Torrado formula unha cuestión de orde, que é recollida pola Presidencia.

O señor Presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) maniféstalle á Cámara que se vai proceder á elección do Presidente, Vicepresidentes e Secretarios da Mesa do Parlamento en votacións separadas, e dá as debidas instrucións para as mesmas.

Elección do Presidente da Mesa:

Efectuada a votación por papeletas e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidas, 75; D. Victorino Núñez Rodríguez, 38 votos; D. José Luis Rodríguez Pardo, 28 votos; D. Baus-tista Álvarez Domínguez, 7 votos; D. Cándido Sánchez Castiñeiras, 2 votos. En consecuencia, queda proclamado presidente o señor Núñez Rodríguez.

Elección dos Vicepresidentes:

Efectuada a votación e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidos, 75; D. José María García Leira, 38 votos; D. Antonio Carro Fernández-Valmayor, 28 votos; votos en branco, 9. En consecuencia, queda proclamado Vicepresidente Primeiro D. José Marta García Leira e Vicepresidente Segundo D. Antonio Carro Fernández-Valmayor.

**-Elección de Secretario e Vicesecretario ..... páx. 9**

Efectuada a votación e realizado o escrutinio, obtívose o seguinte resultado: Votos emitidos, 75; D. Tomás Iribarren Fernández-Rogina, 38 votos; D. José Nogueira Fernández, 28 votos; votos en branco, 9. En consecuencia, queda proclamado Secretario D. Tomas Iribarren Fernández-Rogina e Vicesecretario D. José Nogueira Fernández.

O señor Presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) rógalles ós señores Núñez Rodríguez, García Leira, Carro Fernández-Valmayor, Iribarren Fernández-Rogina e Nogueira Fernández que pasen á Mesa Presidencial para tomar posesión dos cargos para os que foron elixidos. (Así o fan entre grandes aplausos).

**-Constitución da Mesa do Parlamento ..... páx. 10**

O señor Presidente (Núñez Rodríguez) anuncia que se vai proceder ó xuramento ou á promesa de acata-la Constitución e mailo Estatuto de Galicia, e pronuncia a fórmula para o mesmo. Tódolos señores Deputados xuraron ou prometeron acata-la Constitución e mailo Estatuto de Galicia. O primeiro que o fixo foi o señor Presidente, logo os demais membros da Mesa, e finalmente os demais señores Deputados.

O señor Presidente pronuncia un breve discurso agradecéndolle á Cámara a confianza depositada nos membros da Mesa, e manifesta que manteran o compromiso de desempeña-los seus cargos con senso institucional. Tamén pronuncia unhas palabras de recoñecemento e admiración para os seus antecesores no cargo, e ofrécelle á cámara a súa vontade e o seu esforzo de traballar en favor de Galicia, a mesma vontade e o mesmo esforzo que solicita dos señores Deputados. Finalmente declara constituída a III Lexislatura do Parlamento de Galicia, e antes de levanta-la Sesión invita ós señores Deputados a que se poñan en pé e escoiten o himno galego. (Tódolos señores Deputados postos en pé escoitan o himno galego).

Levántase a Sesión.

Eran as trece horas

Abrese a Sesión ás once e cinco minutos da mañá.

O señor OFICIAL MAIOR (Cólera Leirado): Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos.

COMUNICACION POR PARTE DO OFICIAL MAIOR DOS NOMES DOS INTEGRANTES DA MESA DE IDADE

Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos Deputados proclamados electos, resulta se--lo Deputado electo de maior idade don Manuel Fraga Iribarne, e os Deputados electos máis novos dona Guadalupe Varela Coello e don Xerardo Jesús Conde Roa.

Rógolles que comparezan na Presidencia ca fin de constituí--la Mesa de Idade.

(O señor Fraga Iribarne, a señora Varela Coello e o señor Conde Roa pasan a ocupa--los seus postos na Presidencia).

CONSTITUCION DA MESA DE IDADE

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Bos días. Abrese a Sesión. Rógolle ó señor Secretario que dea lectura ó Decreto de Convocatoria e á relación de Deputados electos con indicación dos recursos contencioso--electorais pendentes de resolución, se os houber.

A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Varela Coello): "Decreto 213/1989, do 23 de outubro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

De acordo co previsto no artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa

reunión do día dezanove de outubro de mil novecentos oitenta e nove:

DISPOÑO:

Artigo 3º.-- En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento Galego, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: Vintecatros  
Lugo: Quince  
Ourense: Quince  
Pontevedra: Vinteun

Artigo 5º.-- Celebradas as eleccións convocadas por este Decreto, a Cámara resultante reunirse para a súa sesión constitutiva o día 16 de xaneiro de 1990, ás 11,00 horas.

Santiago de Compostela, vintetrés de outubro de mil novecentos oitenta e nove.

Fernando Ignacio González Iaxe  
Presidente"

"Excmo. Sr.:

A Xunta Electoral da Comunidade Autónoma, na súa reunión celebrada no día da data, examinou as actas de proclamación de Deputados electos ó Parlamento de Galicia, expedidas polas Xuntas Electorais Provinciais da Coruña (27 de decembro de 1989), Lugo (26 de decembro de 1989), Ourense (27 de decembro de 1989) e Pontevedra (27 de decembro de 1989).

Na súa virtude e de conformidade co disposto no artigo 38 da Lei autonómica 8/85, do 13 de agosto, remíteselle a ese Parlamento a lista de parlamentarios proclamados nas seguintes circunscricións electorais:

Provincia da Coruña

Polo Partido Popular:

Don Manuel Fraga Iribarne  
 Don José García Pardo  
 Don Juan José Fernández García  
 Don Gerardo Jesús Conde Roa  
 Don José María Hernández Cochón  
 Dona María Elisa Madarro González  
 Don Segundo Manuel Durán Casais  
 Don Manuel Varela Rey  
 Don José Manuel Vila Pérez  
 Don José Luis Ramón Torres Colomer  
 Don José Antonio Cesáreo Franco Cerdeira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia--Partido Socialista Obrero Español:

Don Fernando Ignacio González Laxe  
 Don Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo  
 Don José Federico Nogueira Fernández  
 Don José Luis Rodríguez Pardo  
 Don Antonio Carro Fernández--Valmayor  
 Don Manuel Ceferino Díaz e Díaz  
 Dona Rosa María Miguélez Ramos  
 Don Bonifacio Borreiros Fernández  
 Don José Antonio Ventoso Mariño  
 Don Miguel Angel Cortizo Nieto

Pola coalición electoral Bloque Nacionalista Galego:

Don Xosé Manuel Beiras Torrado  
 Dona María Pilar García Negro

Polo Partido Socialista Galego--Esquerda Galega:

Don Xoán Xosé Brais López Facal

Provincia de Lugo

Polo Partido Popular:

Dona Manuela López Besteiro  
 Don José María García Leira  
 Don Fernando Alfredo Pensado Barbeira

Don José María López Noceda  
 Don Fernando Carlos Rodríguez Pérez  
 Don Nazario Pin Fernández  
 Don Manuel Martínez Garrido  
 Don José Serafín Pena Souto

Polo Partido dos Socialistas de Galicia--Partido Socialista Obrero Español:

Don Juan Fernando Salgado García  
 Don Francisco Sineiro García  
 Don Antonio Edelmiro Gato Soengas  
 Don Ismael Rego González  
 Dona María Margarita Rodríguez Otero

Polo Partido Coalición Galega:

Don Cándido Sánchez Castiñeiras

Pola coalición electoral Bloque Nacionalista Galego:

Don Alberte Xullo Rodríguez Feijóo

Provincia de Ourense

Polo Partido Popular en coalición con Centristas de Galicia:

Don Victorino Núñez Rodríguez  
 Don Tomás Pérez Vidal  
 Don Aurelio Domingo Miras Portugal  
 Dona Pilar Pedrosa González de Castejón  
 Don Manuel Barata Quintas  
 Don Fernando González Suárez  
 Don Roberto Castro García  
 Don José Lage Lage

Polo Partido dos Socialistas de Galicia--Partido Socialista Obrero Español:

Don Miguel José Martínez Losada  
 Don Ramón Félix Blanco Gómez  
 Dona María Antonia Alvarez Yáñez  
 Don Miguel Fidalgo Areda  
 Don Pedro Manuel Mariño Campos

Por sentenza da Sala do Contencioso--Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, de data 15 de xaneiro, adxudicouse o escano número 15 da circunscrición de Ourense a don Francisco Rodríguez Fernández, do Partido dos Socialistas de Galicia--Partido Socialista Obrero Español, e polo tanto declarouse nula a proclamación como candidato electo de don Alfredo Suárez Canal, da coalición electoral Bloque Nacionalista Galego.

Polo Partido Coalición Galega:

Don Santos Oujo Bello

Provincia de Pontevedra

Polo Partido Popular:

Don José Cuíña Crespo  
 Don Víctor Manuel Vázquez Portomeñe  
 Don Manuel Pérez Alvarez  
 Don Tomás Iribarren Fernández--Rogina  
 Don Pablo Egerique Martínez  
 Don José Luis Alonso Riego  
 Don Juan Antonio Garrido Torrado  
 Don Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
 Don Juan Miguel Diz Guedes  
 Don José Manuel Chapela Seijo  
 Dona Guadalupe Varela Coello

Polo Partido dos Socialistas de Galicia--Partido Socialista Obrero Español:

Don Alfredo Conde Cid  
 Don Carlos González Príncipe  
 Don José Giráldez Maneiro  
 Don Roberto Taboada Rivadulla  
 Dona María José Porteiro García  
 Don Miguel Barros Puente  
 Don José Carlos Baños Márquez

Pola coalición electoral Bloque Nacionalista Galego:

Don Bautista Alvarez Domínguez  
 Don Francisco Trigo Durán

Polo Partido Socialista Galego--Esquerda Galega:

Don Camilo Nogueira Román

E para que así conste e para os efectos previstos no artigo 4.1 do Regulamento da Cámara autonómica, asino a presente na Coruña, no Pazo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, a tres de xaneiro de 1990.

O Presidente

José Cora Rodríguez".

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Un momento. Neste instante preséntanme o escrito do Presidente da Xunta Electoral Provincial de Ourense, que, como lle corresponde en cumprimento da sentenza que debe executar, me comunica que foi designado Deputado electo pola devandita circunscrición don Francisco Rodríguez Fernández.

Neste mesmo momento recibo a documentación do Deputado no que se refire ás incompatibilidades.

Polo tanto, coa licencia do Parlamento, invítoos a participar nas labours e a que pase á Sala.

A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Varela Coello): "Excmo. Sr.:

En relación co escrito de V.E., con data de entrada de 3 de xaneiro de 1990, no que lle roga a esta Presidencia, para os efectos do previsto no artigo 4.1 do vixente Regulamento do Parlamento de Galicia, a remisión da relación dos recursos contencioso--electorais interpostos contra a proclamación de Deputados das eleccións recentemente celebradas ó Parlamento de Galicia, con indicación dos Deputados electos que puidesen quedar afectados pola súa resolución, comúncolle á V.E. que o único recurso electoral interposto nas citadas eleccións foi o correspondente ó número 3/90, sección 1a., contra

acordo da Xunta Electoral Provincial de Ourense, do 27 de decembro de 1989, sobre proclamación de Deputados electos ó Parlamento de Galicia.

En consecuencia, e tendo en conta o 'petitum' do recurso electoral interposto, o obxecto principal do conflito é a atribución do escano n.º 15 da circunscrición electoral de Ourense, que pretende o PSdeG--PSOE a prol do n.º 6 da súa candidatura, e asignado ó Deputado don Alfredo Suárez Canal, da coalición Bloque Nacionalista Galego, Deputado que, en principio, quedaría afectado pola resolución do mesmo.

O que lle comunico á V.E. para os efectos oportunos.

A Coruña, 3 de xaneiro de 1990.

O Presidente do Tribunal superior de Xusticia de Galicia.

Asdo.: José Cora Rodríguez"

En relación co presente recurso contencioso--electoral, a Sala do Contencioso--Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia dictou a seguinte resolución:

"FALIAMOS: Que estimando el recurso contencioso--electoral interpuesto por el PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA--PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL, contra el Acuerdo de la Junta Electoral Provincial de Ourense de 27 de Diciembre de 1989, sobre Proclamación de Candidatos Electos al Parlamento de Galicia dictado con motivo de las Elecciones al Parlamento de Galicia celebradas el día 17 de Diciembre de 1989, debemos declarar y declaramos la nulidad de dicho Acuerdo en lo que se refiere a la Proclamación como Candidato Electo al Parlamento de Galicia de DON ALFREDO SUAREZ CANAL, y también declaramos que el Escaño número quince de la circunscrición de Ourense debe ser adjudicado al PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA--PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL y, en consecuencia, debemos

proclamar y proclamamos como Candidato Electo al Parlamento de Galicia a DON FRANCISCO RODRIGUEZ FERNANDEZ quien figura como número seis en la Candidatura presentada en la circunscrición de Ourense en las citadas Elecciones por el PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA--PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL; sin imposición de costas.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndoles saber que la misma es firme, no cabiendo contra ella recurso contencioso ordinario, ni extraordinario, salvo el de aclaración, y sin perjuicio del procedimiento de amparo ante el Tribunal Constitucional.

Comuníquese en forma al Excmo. Sr. Presidente del Parlamento de Galicia.

Devuélvase el expediente a la Junta Electoral Provincial de Ourense.

Así lo pronunciamos, mandamos y firmamos".

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Graciñas.

Señores Deputados, con isto queda dado cumprimento ó artigo 4.1, sen prexuício da constitución definitiva da Cámara, seguindo os seus trámites, cando sexa convocada pola Mesa definitiva.

Procede, polo tanto, pasar á elección da Mesa do Parlamento, en cumprimento do número 2 do mesmo artigo 4.

Eu non penso, señoras Deputadas e señores Deputados, que lle corresponda ó Presidente da Mesa de Idade nesta hora pronunciar discursos trascendentais, senón asegurar, en cumprimento do noso Regulamento, que á súa vez recolle usos ancestrais da maioría das asembleas deliberantes, a elección da Mesa definitiva.

Soamente lles recordarei que,

desde o seu mesmo artigo 1, a Constitución de España establece a tódolos niveis a organización política parlamentaria, con especial referencia ás Comunidades Autónomas no seu artigo 152 e concordantes; que, segundo o artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia, este Parlamento é institución clave dentro dos poderes da Comunidade; que o artigo 10 do propio Estatuto regula "in extenso" as funcións deste Parlamento con grande amplitude, con clara índole de inviolabilidade e supremacía; e que nos seus artigos 12 e seguintes nos dota, entre outros órganos, dunha Mesa e dunha Deputación Permanente, a primeira fundamental para o noso funcionamento.

O pobo galego ten en nós a súa máxima representación, o que nos obriga a unha máxima responsabilidade. Por iso, antes de proceder ás nosas tarefas regulamentarias, lles quero dirixi--lo máis cordial dos saúdos e a máis solemne das invitacións para que todos cumprámo--las nosas obrigas con Galicia e co seu grande pobo.

Este terceiro Parlamento, continuando a tarefa dos seus predecesores, deberá afondar na edificación da nosa Autonomía e na defensa de Galicia e de todo o que lle é propio. Nese esforzo é unha grande honra para min, aínda que sexa polo título de idade, iniciar con vostedes os seus traballos coa mellor esperanza.

#### ELECCION DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Pasamos á elección da Mesa do Parlamento. Señores Deputados, imos proceder á elección...

(Pide a palabra o Deputado señor Beiras).

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): ¿Sobre que

punto, señor Deputado?

O señor BEIRAS TORRADO: Quería formular unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Para unha cuestión de orde, mencionando o artigo do Regulamento no cal se apoia.

O señor BEIRAS TORRADO: A cuestión de orde consiste simplemente en que solicito que sexa traducido ó idioma galego o documento remitido polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, e que sexa indicada unha corrección, porque os topónimos non están en galego, e niso a Lei de Normalización Lingüística é absolutamente coercitiva, ou sexa, preceptiva.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Moitas grazas. Daráselle cumprimento á lei, e encargáraselle á Secretaría que proceda no senso demandado, porque así é de xusticia.

Señores Deputados, imos proceder á elección da Mesa do Parlamento en votacións separadas para o Presidente, Vicepresidentes e Secretarios. Lémbrolles ás Súas Señorías que deben escribir un só nome na papeleta, e que o chamamento se efectuará por orde alfabética.

Comenza, pois, a votación para a elección de Presidente. Vaise repartir unha papeleta na cal se debe escribir un só nome, e serán nulas as papeletas que conteñan máis de un nome.

(Distribúense as papeletas).

¿Teñen tódolos señores Deputados a papeleta?

¿Estamos en situación de comenza--la votación, de face--lo chamamento?

A urna está notoriamente bal-



deira por se algún Grupo Parlamentario o desexa comprobar. Pasamos, pois, a face--lo chamamento por orde alfabética.

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Conde Roa, le a relación das señoras Deputadas e dos señores Deputados, por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna).

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Dado que participaron, segundo vexo, tódolos membros electos desta Cámara, o que nos satisfai moito, é inútil preguntar se alguén quedou sen votar, aínda que hai que cumprí--lo trámite. Entón, se lles parece, pasaremos ó recuento de votos.

Realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): O resultado da votación é o seguinte: Votos emitidos, 75; D. Victorino Núñez Rodríguez, 38 votos; D. Xosé Luís Rodríguez Pardo, 28 votos; D. Bautista Alvarez Domínguez, 7 votos; D. Cándido Sánchez Castiñeiras, 2 votos. Non hai votos en branco nin nulos.

Queda, polo tanto, proclamado Presidente do Parlamento Galego don Victorino Núñez Rodríguez.

(Aplausos na Sala).

Despois da proclamación do Presidente, que obtivo na primeira votación maioría absoluta e polo tanto queda proclamado Presidente do Parlamento, pasamos á elección dos Vicepresidentes.

Como saben, de acordo co Regulamento, os Vicepresidentes desta Cámara son dous e elíxense nunha soa votación polo sistema que fixa o Regulamento de sufraxio restrinxido, é dicir, cada Deputado soamente vota un só nome para Vicepresidente, e resultarán electos, como

é natural, os dous que obteñan maior número de votos.

Polo tanto distribúanse de novo as papeletas, e escríbese un só nome para Vicepresidente.

(Distribúense as papeletas).

¿Podemos comenza--lo chamamento? (Asentimento).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Conde Roa, le a relación das señoras Deputadas e dos señores Deputados, por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna).

O señor PRFIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): De novo tomaron parte na votación tódolos membros da asemblea. En todo caso, pregunto se hai algunha omisión ou alguén que non votase. (Pausa).

O non ser así pasamos a le--las papeletas.

Realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): O resultado da votación é o seguinte: Votos emitidos, 75; D. José María García Leira, 38 votos; D. Antonio Carro Fernández--Valmayor, 28 votos; votos en branco, 9.

Resultan, polo tanto, elixidos e proclamados Vicepresidente primeiro D. Xosé María García Leira e Vicepresidente segundo D. Antonio Carro Fernández--Valmayor.

(Aplausos na Sala).

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): A continuación, finalizando esta parte da nosa tarefa, procederemos á elección do Secretario e do Vicesecretario.

O procedemento é o mesmo, de acordo co artigo 36. Quere dicir

que se vota un só nome en cada papeleta, e resultarán respectivamente electos Secretario e Vicesecretario os dous señores Deputados que teñan o maior número de votos.

(Distribúan as papeletas).

Comenza a votación. (Pausa).

(O señor Secretario da Mesa de Idade, Conde Roa, le, por orde alfabética, os nomes das señoras Deputadas e dos señores Deputados que van depositando o seu voto na urna).

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Entendo que tamén participaron tódolos membros da Cámara; polo tanto non queda ninguén sen votar.

Realizado o escrutinio, dixo

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): O resultado da votación é o seguinte: Votos emitidos, 75; D. Tomás Iribarren, 38 votos; D. Xosé Nogueira, 28 votos; votos en branco, 9.

Polo tanto quedan proclamados respectivamente Secretario e Vicesecretario deste Parlamento don Tomás Iribarren Fernández--Rogina e don Xosé Nogueira Fernández.

(Aplausos na Sala).

Polo tanto, para rematar, doulles conta de como queda constituída a Mesa deste Parlamento.

Presidente: D. Victorino Núñez Rodríguez

Vicepresidente Primeiro: D. José María García Leira.

Vicepresidente Segundo: D. Antonio Carro Fernández--Valmayor.

Secretario: D. Tomás Iribarren Fernández--Rogina.

Vicesecretario: D. José Nogueira Fernández.

Agora só me cumpre rogarlles que veñan tomar posesión dos cargos para os que foron elixidos.

Aquí remata a función da Mesa de Idade.

(Os señores Núñez Rodríguez, García Leira, Carro Fernández--Valmayor, Iribarren Fernández--Rogina e Nogueira Fernández pasan a ocupar--los seus postos na Mesa presidencial).

(Aplausos na Sala).

#### CONSTITUCION DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores Deputados, dando cumprimento ó artigo 5 do noso Regulamento procederáse a tomárille--lo xuramento ós membros da Cámara, comenzando por esta Presidencia e seguidamente polos membros da Mesa. A fórmula de xuramento é se se promete acatar e gardar lealdade ó Estatuto e á Constitución. A contestación será: "si, xuro" ou "si, prometo".

Xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Señores membros da Mesa, señor Vicepresidente Primeiro, don José María García Leira, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade ó Estatuto e á Constitución?

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (García Leira): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Señor Vicepresidente Segundo, don Antonio Carro Fernández--Valmayor, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Autonomía?

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO (Carro Fernández--Valmayor): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Señor Secretario, don Tomás Iribarren Fernández--Rogina, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Cons-

titución e ó Estatuto de Autonomía?

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández—Rogina): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Señor Vice-secretario, don José Nogueira Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Autonomía?

O señor VICESecretARIO (Nogueira Fernández): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: De seguido farase o chamamento dos señores Deputados para que desde o propio escano contesten á pregunta que lles formula a Presidencia.

Señoras e señores Deputados, ¿xurades ou prometedes acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Autonomía? O señor Secretario fará o chamamento. Rógolles ós señores da Mesa que se poñan en pé.

ALONSO RIEGO, José Luis: Si, prometo.

ALVARFZ DOMINGUEZ, Bautista: Si, prometo.

BAÑOS MARQUEZ, José Carlos: Si, prometo.

BARATA QUINTAS, Manuel: Si, prometo.

BARROS PUFNTE, Miguel: Si, prometo.

BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel: Si, prometo.

BLANCO GOMEZ, Ramón Félix: Si, prometo.

BORREIROS FERNANDEZ, Bonifacio: Si, prometo.

CASTRO GARCIA, Roberto: Si, xuro.

CONDE CID, Alfredo: Si, prometo.

CONDE ROA, Gerardo Jesús: Si, xuro.

CORTIZO NIETO, Miguel Anxo: Si, prometo.

CUIÑA CRESPO, José: Si, xuro.

CHAPELA SEIJO, José Manuel: Si, xuro.

DIAZ E DIAZ, Manuel Ceferino: Si, prometo.

DIZ GUEDFS, Juan Miguel: Si, prometo.

DURAN CASAIS, Segundo M.: Si, xuro.

EGERIQUE MARTINEZ, Pablo: Si, xuro.

FERNANDEZ GARCIA, Juan José: Si, xuro.

FIDALGO AREDA, Miguel: Si, prometo.

FRAGA IRIBARNE, Manuel: Si, xuro.

FRANCO CERDEIRA, José A.C.: Si, xuro.

GARCIA NEGRO, Pilar: Si, prometo.

GARCIA PARDO, José: Si, xuro.

GARRIDO TORRADO, Juan Antonio: Si, xuro.

GATO SOENGAS, Antonio F.: Si, prometo.

GIRALDEZ MANEIRO, José: Si, prometo.

GONZALEZ IAXE, Fernando I.: Si, prometo.

GONZALEZ PRINCIPE, Carlos: Si, prometo.

GONZALEZ SUAREZ, Fernando: Si, xuro.

HERNANDEZ COCHON, José Ma.: Si, xuro.

LAGE LAGE, José: Si, xuro.

LOPEZ BESTEIRO, Manuela: Si, xuro.

LOPEZ FACAL, Xoán Xosé Brais: Si, prometo.

LOPEZ NOCEDA, José María: Si, xuro.

MADARRO GONZALEZ, Ma. Elisa: Si, xuro.

MARIÑO CAMPOS, Pedro M.: Si, prometo.

MARTINEZ GARRIDO, Manuel: Si, xuro.

MARTINEZ LOSADA, Miguel J.: Si, prometo.

MIGUELEZ RAMOS, Rosa María: Si, prometo.

MIRAS PORTUGAL, Aurelio D.: Si, prometo.

NOGUEIRA ROMAN, Camilo: Si, prometo.

OUJO BELLO, Santos: Si, prometo.

PALMOU LORENZO, Jesús Carlos: Si, xuro.

PEDROSA GLEZ. DE CASTEJON, Pilar: Si, xuro.

PENA SOUTO, José Serafín: Si, xuro.

PENSADO BARBEIRA, Fernando A.: Si, xuro.

PEREZ ALVAREZ, Manuel: Si, prometo.

PEREZ VIDAL, Tomás: Si, xuro.

PIN FERNANDEZ, Nazario: Si, xuro.

PORTEIRO GARCIA, María José: Si, prometo.

REGO GONZALEZ, Ismael: Si, prometo.

RODRIGUEZ FELJOO, Alberte Xullo: Si, prometo.

RODRIGUEZ FERNANDEZ, Francisco: Si, prometo.

RODRIGUEZ OTERO, Margarita: Si, prometo.

RODRIGUEZ PARDO, José Luis: Si, prometo.

RODRIGUEZ PEREZ, Fernando C.: Si, xuro.

SALGADO GARCIA, Juan Fernando: Si, prometo.

SANCHEZ CASTIÑEIRAS, Cándido: Si, prometo.

SANCHEZ PRESEDO, Antolín: Si, prometo.

SINEIRO GARCIA, Francisco: Si, prometo.

TABOADA RIVADULLA, Roberto: Si, prometo.

TORRES COLOMER, José Luis R.: Si, xuro.

TRIGO DURAN, Francisco: Si, prometo.

VARELA COFILLO, Guadalupe: Si, xuro.

VARELA REY, Manuel: Si, xuro.

VAZQUEZ PORTOMENE, Víctor Manuel: Si, xuro.

VENTOSO MARIÑO, José Antonio: Si, prometo.

VILA PEREZ, José Manuel: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Hai un erro do señor Secretario e non foi chamada a señora dona María Antonia Alvarez Yáñez.

ALVAREZ YAÑEZ, María Antonia:  
Si, prometo.

O señor PRFSIDENTE: Señoras e señores Deputados, unha vez presta-da a promesa ou o xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ó Estatuto, permítanme que antes de declarar constituído este Parlamento, sen entrar na tentación dun discurso que non corresponde ó día de hoxe e xa que posiblemente as sensacións persoais de quen lles fala lle impedisen, pronuncialo neste intre, permítanme, Señorías, non obstante, agradecer, en nome dos que compoñemo--la Mesa, a confianza en nós depositada e repostar a esta confianza co compromiso de desempeña--los nosos cargos con senso institucional.

En nome propio e tendo en conta as limitacións que o noso Regulamento lles impón ás facultades da Presidencia, facéndoas extensibles á Mesa, si quixera contrae--lo compromiso de desenvolver unha Presidencia coa suficiente flexibilidade na interpretación do Regulamento, buscando sempre un punto intermedio entre a protección ou defensa das minorías e o recoñecemento da vontade popular maioritariamente expresada nas eleccións. Ou dito doutro xeito, tratando de evitar calquera asoballamento regulamentario, pero tratando tamén de evitar calquera tarefa entorpecedora dos traballos ós que esta Cámara está chamada. Se somos ou non quen de face-lo, o tempo o dirá.

Permítanme, Señorías, que antes de remata--lo acto teña unhas palabras para aqueles a quen hoxe teño a honra de suceder nesta Presidencia. Unhas palabras de recoñecemento, de admiración e de cariño para a xove eficacia de Tomás Pérez Vidal e para a madurez reflexiva, sempre en clave de maxisterio, do chorado Antón Rosón; de ámbolos dous tento aprender, a ámbolos dous intentarei imitar. Sei que non é tarefa fácil, pero tampouco é fácil a tarefa de traballar por Galicia, a tarefa de traballar pola nosa te-

rra. Quero ofrecer neste intre a miña vontade de poñer todo o esforzo nesa laboura, a mesma vontade que eu lles pido, Señorías.

Logo de presta--lo xuramento ou a promesa tódalas señoras e os señores Deputados, declaro constituído o terceiro Parlamento de Galicia, e antes de levanta--la Sesión invito ós señores Deputados a que, poñéndose en pé, escoitemos e cantemo--lo himno galego.

(Tódolos Deputados postos en pé escoitan o himno galego).

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores Deputados, levántase a Sesión.

Levántase a Sesión.

Eran as trece horas.

